

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	Agra do Orzán	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1150	Actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical	2024/2025	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CARRETERO RIVAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de técnico superior en Acondicionamento Físico consiste en elaborar, coordinar, desenvolver e avaliar programas de acondicionamento físico para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes espazos de práctica, dinamizando as actividades e orientándoas cara á mellora da calidade de vida e a saúde, garantindo a seguridade e aplicando criterios de calidade, tanto no proceso como nos resultados do servizo.

O perfil profesional do título de técnico superior en Acondicionamento Físico, dentro do sector terciario, define un/unha profesional polivalente con capacitación para exercer a súa actividade profesional no ámbito da actividade física saudable, respondendo tanto ás necesidades da poboación, como aos cambios no mercado do sector do fitness.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Actividades físicas grupais con soporte musical. Tipos e características.	En esta UD trátanse aspectos comúns das actividades de acondicionamento físico con soporte musical. Coñécense as principais actividades de acondicionamento físico con soporte musical que se levan a cabo nas instalacións deportivas: ciclo indoor, cross training, gap.. Nesta UD de carácter teórico, o alumnado coñece tódolos aspectos a ter en conta na programación e diseño de sesións. O alumnado deberá programar diferentes actividades físicas con soporte musical tendo en conta os usuarios ós que van dirixidas, os principios para a mellora da súa condición física, os equipamentos e instalacións dispoñibles, as normas de seguridade, ... empregando as aplicacións informáticas determinadas e realizando a avaliación do servizo.	38	30
2	Execución, deseño e dirección de sesións de AFCSM.	En esta UD o alumnado deberá executar coreografías de diferentes actividades con soporte musical, deseñar coreografías e dirixilas ante un grupo de usuarios.	109	70

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Actividades físicas grupais con soporte musical. Tipos e características.	38

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza as características das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, valorando os procesos de adaptación que provocan no organismo	SI

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Programa actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, tendo en conta as necesidades das persoas participantes ou usuarias e os elementos específicos de cada actividade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os aspectos técnicos e os efectos das actividades especializadas para o acondicionamento físico en grupo con soporte musical
CA1.2 Analízase a dificultade de execución das técnicas propias de cada actividade especializada para o acondicionamento físico en grupo con soporte musical
CA1.3 Descríbense as bases dun correcto control postural nas actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical
CA1.4 Analízanse as adaptacións fisiolóxicas ao traballo realizado e as súas implicacións para a mellora da calidade de vida e da saúde, nas actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical
CA1.5 Descríbense os signos e os síntomas de fatiga e sobrecarga máis frecuentes neste tipo de actividades
CA1.6 Enuméranse as contraindicacións absolutas e relativas á práctica de diferentes modalidades e estilos
CA1.7 Relaciónanse as actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical con posibles tipoloxías e niveis das persoas participantes ou usuarias máis habituais
CA1.8 Descríbense os parámetros de seguridade no uso dos equipamentos e materiais, e na execución das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical
CA2.1 Establecéronse criterios de formulación de obxectivos de mellora ou mantemento da condición física, en función da evolución do programa de actividades específicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical e dos medios dispoñibles
CA2.2 Establecéronse series coreografadas por niveis de intensidade e de dificultade, tendo en conta os mecanismos de adaptación fisiolóxica e as variables que se poñen en xogo, nas actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical
CA2.3 Determináronse os espazos, os equipamentos, os materiais, o equipamento persoal e os recursos complementarios para garantir a seguridade e desenvolver os eventos e programas de actividades específicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical
CA2.4 Establecéronse as estratexias de instrución e de comunicación, así como as súas adaptacións, para facilitar a atención e a motivación a diferentes tipos de persoas usuarias
CA2.5 Descríbense os criterios de seguridade, adecuación e efectividade dun programa de actividades específicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, así como os factores que se deben ter en conta para evitar lesións ou sobrecargas durante
CA2.6 Descríbense os indicadores, os instrumentos e as técnicas que determinan a avaliación da calidade do servizo, tanto no proceso como no resultado

Crterios de avaliación

CA2.7 Utilizáronse os equipamentos e as aplicacións informáticas específicas para a elaboración dos programas

4.1.e) Contidos**Contidos**

Novas tendencias do fitness. Foros autorizados, publicacións, revistas e outras fontes bibliográficas ou na rede, do ámbito do fitness e das actividades de acondicionamento físico con soporte musical.

Innovación en actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Diferenzas entre as propostas novas e as xa existentes. Evolución das novas tendencias do fitness.

Perfis das persoas usuarias e novas propostas de actividades especializadas para o acondicionamento físico en grupo con soporte musical.

Exixencias fisiolóxicas e biomecánicas das novas propostas de actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Graos de dificultade. Control postural.

Actividades especializadas de acondicionamento en grupo. Aeróbic avanzado. Step e aerobox. Hip hop. Cicloindoor. Crosstraining e modalidades afíns. Técnicas específicas.

Contraindicacións absolutas ou relativas da práctica das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Signos de fatiga e sobrecarga. Execucións potencialmente lesivas.

Equipamentos e materiais específicos para as actividades especializadas para o acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Parámetros de uso seguro.

Procedementos e técnicas de programación e periodización no ámbito do acondicionamento físico en grupo con soporte musical.

0Instalacións, aparellos e elementos propios das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.

Métodos para o desenvolvemento das capacidades condicionais a través de actividades especializadas con soporte musical. Obxectivos específicos.

Variables de dificultade e intensidade nas actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.

Adaptación das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical ás posibilidades de execución das persoas participantes ou usuarias.

Estratexias de instrución efectivas utilizadas nas actividades coreografadas e actividades con máquinas cíclicas.

Accesibilidade. Adaptación de accesos e de espazos de práctica para todos os tipos de persoas usuarias nas actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Barreiras arquitectónicas e a súa eliminación.

Elementos de seguridade específicos das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.

Avaliación de programas de acondicionamento físico con soporte musical. Indicadores, instrumentos, técnicas, secuencias de aplicación e procedemento para a interpretación de resultados.

Contidos
Equipamentos e aplicacións informáticas. Software específico para a programación das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Execución, deseño e dirección de sesións de AFCSM.	109

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Deseña coreografías de actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, en función dos niveis das persoas participantes ou usuarias e do estilo de cada modalidade	SI
RA4 - Deseña coreografías de actividades con máquinas cíclicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, en función dos niveis de persoas participantes ou usuarias e do estilo de cada modalidade	SI
RA5 - Dirixe sesións de actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical, demostrando as técnicas de execución seleccionadas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse o soporte musical adecuado ao estilo de cada modalidade, á intensidade e á duración da secuencia ou composición coreográfica e da sesión
CA3.2 Aplicáronse criterios fisiolóxicos, biomecánicos e de motivación na secuencia de pasos, movementos, exercicios e composicións, relacionando os obxectivos de mellora das capacidades físicas co volume, a intensidade e a dificultade de cada fase da sesión
CA3.3 Combináronse os pasos básicos e as súas variantes na elaboración das secuencias ou composicións coreográficas das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical
CA3.4 Prevíronse adaptacións para atender aos niveis de competencia motriz dos compoñentes do grupo ao que se dirixe a composición coreográfica
CA3.5 Determinouse a metodoloxía específica que se emprega na ensinanza das coreografías de actividades especializadas
CA3.6 Utilizáronse técnicas específicas de representación gráfica ou escrita para recoller e rexistrar pasos, movementos, exercicios e composicións
CA3.7 Descríbironse os materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares en función das características de cada actividade de acondicionamento físico en grupo con soporte musical

Crterios de avaliación
CA3.8 Establecéronse os parámetros que se deben ter en conta para avaliar o desenvolvemento da sesión
CA4.1 Selecionouse o soporte musical adecuado ao estilo, á intensidade e á duración de cada fase e da sesión con máquinas cíclicas
CA4.2 Aplicáronse criterios fisiolóxicos, biomecánicos e de motivación na secuencia con máquinas cíclicas, tendo en conta a relación dos obxectivos de mellora das capacidades físicas co volume, a intensidade e a dificultade de cada fase da sesión
CA4.3 Establecéronse as posicións e os movementos asociados aos niveis de intensidade e as súas variantes, na elaboración das secuencias ou composicións con máquinas cíclicas
CA4.4 Descríronse adaptacións para atender aos niveis de competencia motriz dos compoñentes do grupo ao que se dirixe a composición coreográfica
CA4.5 Utilizáronse os parámetros que se deben ter en conta para avaliar o desenvolvemento da sesión
CA5.1 Analizouse a accesibilidade aos espazos de práctica e a dispoñibilidade dos recursos necesarios para as actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, en condicións de seguridade
CA5.2 Informouse sobre o desenvolvemento da sesión, sobre a utilización de aparellos e material, e sobre a importancia dunha vestimenta e uns complementos adecuados a cada actividade
CA5.3 Demostrouse e explicouse a técnica correcta de cada exercicio, así como os erros máis comúns na súa execución
CA5.4 Adaptouse o nivel de intensidade e de dificultade das actividades ás características das persoas participantes, variando os espazos, o material, a música e a información transmitida
CA5.5 Supervisáronse a indumentaria e os complementos das persoas participantes para garantir a funcionalidade, o confort e a seguridade ao realizar a actividade
CA5.6 Identificáronse os signos de fatiga e sobrecarga, así como os erros na execución dos pasos, e déronse as indicacións oportunas para a súa corrección
CA5.7 Utilizáronse e supervisáronse os aparellos e os materiais indicados para cada actividade, e detectáronse posibles incidencias
CA5.8 Utilizáronse os códigos xestuais ou verbais para transmitir as indicacións ás persoas compoñentes do grupo, sen interromper o desenvolvemento da sesión
CA5.9 Dirixíronse as secuencias coreográficas de xeito activo e dinámico, propiciando a desinhibición e a participación
CA5.10 Aplicáronse os instrumentos de avaliación da sesión

4.2.e) Contidos

Contidos
Soprote musical. Velocidade e estilo en función do tipo de actividade especializada de acondicionamento físico en grupo.
Composición de coreografías. Estilos e modalidades das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Últimas tendencias. Xestos técnicos específicos e adaptados aos diferentes estilos e modalidades.
Estrutura da sesión nas actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Progresión coreografada na estrutura da sesión.
Metodoloxía específica de ensinanza de coreografías das actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Adaptacións técnicas nas coreografías para a transición dun estilo a outro.
Medios audiovisuais. Medios informáticos. Hardware e software específicos.
Representación gráfica e escrita de coreografías de actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.
Deseño de instrumentos para a avaliación da sesión.
Soprote musical. Velocidade e estilo da música en función da fase da sesión de actividades con máquinas cíclicas.
Composición de secuencias de actividades de acondicionamento físico con máquinas cíclicas. Variables que modulan a intensidade. Adaptación dos movementos e ritmos de execución ás diferentes intensidades: subidas, baixadas e planos.
Movementos e ritmos de execución específicos das actividades con máquinas cíclicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Adaptacións técnicas para a transformación de coreografías dun aparello a outro.
Mantemento operativo de instalacións, aparellos e elementos propios das actividades especializadas de acondicionamento físico con soporte musical. Procedementos de verificación de condicións de seguridade e de utilización.
Sistemática de execución, estrutura e variantes. Erros de execución máis comúns nos xestos técnicos do aeróbic avanzado, o step, o aerobox, o hip hop, o cicloindoor, o kranking, o crosstraining e as modalidades afíns. Pautas para os detectar.
Supervisión do uso dos materiais e aparellos.
Estratexias de instrución e motivación cara á execución nas actividades especializadas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical: aeróbic avanzado, step, aerobox, hip hop, kranking, cicloindoor, crosstraining e modalidades afíns.
Integración da demostración dos elementos técnicos coa observación das persoas participantes, a detección de erros e a comunicación de consignas.
Metodoloxía específica de aprendizaxe de secuencias e composicións coreografadas. Modelo das progresións para a ensinanza das series coreografadas. Modelos complexos. Modelos avanzados. Novas tendencias.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a cualificación das Unidades Formativas do curso seguiranse os seguintes criterios de cualificación:

- Probas escritas, traballos/tarefas: 30% (20% probas escritas).

- Probas de aplicación práctica: 50%
- Práctica diaria: 20% Participación e realización de tarefas de aplicación práctica (Cada práctica puntúa polo que en caso de non práctica por causas tanto xustificadas como non xustificadas, a puntuación será un cero ao non poder ser avaliado).

A cualificación das probas escritas/traballos farán media coa cualificación dun 4 no exame teórico.

A cualificación das probas prácticas farán media coa cualificación dun 4 sendo imprescindible a entrega do documento escrito que se solicite (registro da sesión).

Para superar cada UF e avaliación a cualificación media deberá acadar o 5.

Avaliaranse tamén, diferentes tarefas que se lle pida ó alumnado durante o proceso, de carácter eminentemente práctico, relacionado cos criterios de avaliación das diferentes unidades didácticas, nas que o alumnado demostre a adquisición de habilidades prácticas de realización, deseño e dirección de AFCSM (coreografías, actividades de tonificación musicadas...).

Será preciso que todo o alumnado acade ese 4 en cada unha das partes para poder optar ó cálculo da nota media.

Se algún alumno/a non ten acadado ese 4 en unha ou mais partes terá unha nota no trimestre igual ou inferior a 4, independentemente de que o cálculo da súa media aritmética alcance ou supere o 5. É requisito indispensable para poder optar á avaliación positiva.

Para o alumnado que non supere algún trimestre, deberán recuperar aquela parte que teñan suspensa, do seguinte modo:

- Probas escritas: Realizarase unha proba escrita de recuperación sobre o tratado no trimestre anterior o comezo do segundo trimestre. Se a proba escrita que non se supera é a do derradeiro trimestre farase unha proba de recuperación antes do remate do curso.
- Probas de aplicación práctica: Poderán repetirse probas dun trimestre anterior. Se a proba de aplicación práctica que non se supera é a do derradeiro trimestre farase unha proba de recuperación antes do remate do curso.

Cualificación final: Suma das Unidades Formativas no seu valor porcentual.

Proba final extraordinaria (Maio-Xuño) para o alumnado que:

- Non supere a avaliación ordinaria.
- Perda o dereito á avaliación continua.

Esta proba consistirá nun exame teórico e nun examen práctico.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO CON ALGUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA

Se suspenderá unha avaliación no caso de non acadar algún dos mínimos exigibles. As probas non superadas tanto teóricas como prácticas repetirán unha vez no seguinte trimestre, agás no segundo trimestre que se repetirán dentro do mesmo.

A nota das probas de recuperación faría media coas demais probas da avaliación á que correspondera.

Para o alumnado que teña o módulo pendente, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de 2º curso:

Entre as actividades que se realizarán co alumnado que deba recuperar o módulo estarán as seguintes:

Asistencia a clase no seu horario regular ou nun horario extraordinario que se elabore.

Tutorías de atención ao alumnado no horario de atención aos mesmos que debe constar no horario de cada profesor/a.

Realización de actividades de recuperación programadas.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA XUÑO

Os alumnos que en Marzo non obteñan unha avaliación positiva tendrán dereito a unha avaliación extraordinaria en Xuño consistente en:

- Proba escrita 40% (mínimo un 40%)

- Proba práctica 60% (mínimo un 40%)

A nota media obtida da suma de ambas probas debe ser igual ou superior a 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua deste módulo será de 14 sesións:

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas, superen o 6% (9 sesións).

Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase a perda do dereito á avaliación continua.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria. A proba extraordinaria de perda de avaliación continua inclúe as seguintes partes:

- Preguntas de coñecemento (40%): onde se inclúen todos os contidos teóricos e teórico-prácticos impartidos durante o curso.
- Probas prácticas 60%

Cada unha das partes puntuarase de 0 a 10, sendo necesario ter como mínimo un 4 en cada unha de ilas para a superación do módulo.

O alumnado que non supere o módulo mediante a avaliación ordinaria terá dereito a unha avaliación extraordinaria e deberá presentarse, a todas as partes non superadas que causan o suspenso.

O alumnado que perdeu o dereito a súa avaliación continua tamén terá dereito a unha avaliación extraordinaria, tendo que realizar todas as probas especificadas anteriormente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

De cara a avaliar o seguimento da programación e da práctica docente no departamento utilizaremos os seguintes recursos:

- Reunións de departamento.
- Rexistro de incidencias mediante procedementos informáticos.
- Análisis dos resultados académicos.
- Memoria do departamento.
- Valoracións persoais dos axentes implicados no proceso educativo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Non podemos responder de forma adecuada ás necesidades dos alumnos se non coñecemos cales son estas, por iso realizaremos unha avaliación inicial que será o punto de partida para a proposta de diferentes medidas.

No caso de alumnado que presente lesións ou accidentes (de corto ou longo tempo) que non lle permitan realizar as sesións prácticas, adoptaranse as seguintes medidas:

- Adaptación das tarefas/probas as súas condicións.
- Retraso na entrega ou realización das probas ata que estea recuperado/a.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aqueles alumnos/as que presenten dificultades no desenvolvemento do curso, na adquisición dos resultados de aprendizaxe do currículo do módulo, empregaranse medidas de reforzo co fin de que poidan chegar a acadar ditos resultados de aprendizaxe.

Estas medidas de reforzo consistirán en:

- Dotar a este alumnado de apuntes, documentos, recursos que faciliten o seu estudo.
- Dar máis tempo na realización de probas prácticas.
- Facilitar a súa actuación de diferentes modos, por exemplo diminuído o número de persoas coas que terá que dirixir actividades prácticas, coa axuda dun compañeiro, etc.

Tamén queremos destacar neste punto que teremos en conta a atención á diversidade por enriba, é dicir, non só co alumnado con dificultades senón tamén con aquel alumnado cun elevado nivel e que acada os obxectivos de forma moi doada. Así proporemos actividades de ampliación coas que estes alumnos con maior nivel poidan satisfacer as súas necesidades e profundizar mais nos contidos do módulo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Son un conxunto de aspectos aos que a sociedade é especialmente sensible e que pola súa relevancia deben ser tratados en todas as áreas do currículo. Traballados de forma transversal durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, destacamos os seguintes no presente módulo:

1. Educación para a saúde e a calidade de vida: Mostraremos a relación entre actividade física, corpo e saúde, así coma os beneficios da actividade física para a saúde, os seus riscos e contraindicacións.
2. Educación para a igualdade entre os sexos: Potenciar a igualdade, rexeitando expresións ou exemplos sexistas. Fomentar a integración e o respecto mutuo, así como a eliminación de estereotipos sexistas no deporte e na vida.
3. Educación ambiental: Fomentaremos o respecto e conservación do medio ambiente, e incidiremos tamén na conservación e coidado dos espazos do centro e de instalacións que empreguemos.
4. Educación para a prevención de drogas: Incidirase nos efectos negativos das drogas na saúde, fenómeno social que afecta cada vez a máis

xóvenes, valorando os desaxustes que provocan as drogas en corpo e mente.

5. Educación para o lecer: Promoverase a realización das actividades que imos desenvolvendo como actividades de ocio ou tempo libre.

6. Comunicación audiovisual: En algunha actividade os/as alumnos/as deberán gravarse en vídeo e/ou sacar fotos durante a realización de diferentes actividades prácticas.

7. Tecnoloxías da información e da comunicación: Empregaremos a aula virtual do centro para os contidos tratados. Debido á situación actual derivada pola pandemia da Covid19 estas TIC terán especial relevancia xa que evitaremos o emprego de papel e serán os medios informáticos imprescindibles para o noso proceso.

8. Emprendemento: O noso alumnado realizará tarefas autonomamente precisando ese espírito emprendedor, coma por exemplo na elaboración de coreografías con base musical.

9. Educación cívica e constitucional: Fomentaremos o respecto polos demais e polas diversas culturas. Mediante actividades grupais buscaremos a aceptación das diferenzas individuais e o aprender a solucionar conflitos.

10. Expresión oral e escrita: No transcurso das sesións faremos preguntas ao alumnado e deberán expresarse oralmente para responder, sendo escoitados/as polo profesor e polos seus compañeiros/as, onde incidiremos no respecto pola persoa que fala en público.

Facemos mención especial, se o houbera, ao noso alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) posto que eles son elementos de enorme interacción no relativo á educación en valores. Sen dúbida, a inclusión é un aspecto no que existe respecto, tolerancia e comprensión nun marco de igualdade, defendendo as diferenzas como valor supremo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Masterclass con expertos, ben nas instalacións do propio centro, ou ben acudindo ao centro deportivo anexo, no que ademais o alumnado poderá vivenciar a utilización de instalacións específicas para as actividades realizadas, coma por exemplo sala de aeróbic e salas de actividades dirixidas.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía como ferramenta

Neste apartado gustárame reforzar que a metodoloxía será un elemento pedagóxico fundamental nesta programación. A metodoloxía é aquela ferramenta que centra o seu interese na maneira en que levamos a cabo as nosas clases. É por iso que na práctica educativa deberemos facer visible o invisible a través do currículo oculto. Se queremos que a programación como guía de acción docente sexa real non podemos deixar de lado o que ensinamos ou deixamos de ensinar inconscientemente. Para transmitir os contidos centraremos a nosa atención na nosa imaxe, na

puntualidade, na linguaxe, nos modelos empregados en clase e na empatía e simpatía para co noso alumnado poñendo en práctica o reforzo.